

## CURSO PONTE DO GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DE SISTEMAS

*Aprobado en Consello de Goberno (sesión do 25/03/2009)*

O grao de Enxeñaría Informática é produto da transformación da titulación Enxeñaría Técnica de Informática de Sistemas que actualmente se imparte na Escola Superior de Enxeñaría do Campus de Santiago.

*O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias establece na súa Disposición adicional segunda. Incorporación ás novas ensinanzas que "Os estudantes que teñan comezado estudos consonte a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder as ensinanzas reguladas neste real decreto previa admisión da Universidade correspondente segundo o establecido neste real decreto e na normativa da propia universidade"*

Este mesmo real decreto, na *Disposición adicional cuarta* indica que: *"3. Quén, estando en posesión dun título oficial de Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro pretendan cursar ensinanzas dirixidas á obtención dun título oficial de Grao, obterán o recoñecemento de créditos que proceda con arreglo ao previsto no artigo 13 do presente real decreto"*.

Así pois, o RD 1393/2007 establece que para acceder ás ensinanzas de grao debe haber unha admisión previa da Universidade, e esta debe facerse consonte á normativa que a este respecto teña a propia universidade, que deberá recoñecerlle aos estudantes os créditos das ensinanzas de Grao que procedan segundo o curriculum seguido polos estudantes, de acordo co que establece o artigo 13 do RD 1393/2007, que regula o recoñecemento e transferencia de créditos.

Verbo de todo o anterior, e tendo en conta a demanda e intereses dos titulados en Enxeñaría Técnica de Informática de Sistemas pola Universidade de Santiago de Compostela, o Consello de Goberno da sesión do 25 de marzo de 2009 aprobou o seguinte

### ACORDO

**APRÓBASE O "CURSO PONTE" PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA POLOS TITULADOS EN ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE SISTEMAS** de acordo coa proposta realizada pola Comisión Permanente da Escola Superior de Enxeñaría na súa sesión do 23 de marzo de 2009

Materias que constitúen o CURSO PONTE

Computación Gráfica	OB	4,5 ECTS
Administración de Sistemas e Redes	OB	6 ECTS
Desenvolvemento de Aplicacións Web	OB	6 ECTS
Interacción Persoa - Ordenador	OB	6 ECTS
Computación Distributiva	OB	6 ECTS
Enxeñaría de Computadores	OB	4,5 ECTS
Enxeñaría de Coñecemento	OB	6 ECTS
Compiladores e Intérpretes	OB	4,5 ECTS
Traballo fin de Grao	OB	16,5 ECTS

Poderán recoñecerse por experiencia profesional ata 9 créditos.

Corresponderá á Comisión do centro con competencias na materia a proposta de recoñecemento da experiencia profesional e tamén, de ser o caso, a do Traballo Fin de Grao para a súa resolución de acordo coa normativa da USC.

**Admisión:** Para ser admitidos no curso ponte os estudantes deberán ter recoñecidas todas as materias da titulación do Grao en Enxeñaría Informática agás todas ou algunha das que forman o curso Ponte.

Aqueles estudantes que soliciten a admisión ao curso ponte e deban realizar algunha outra materia que non se corresponde coas definidas no curso deberán solicitar a admisión pola cota de titulados ou aquela de que de ser o caso lle corresponda.

O número de prazas que se ofertarán para a admisión no curso ponte no curso 2009-10 é de 20.